

10 MAI. 2017

Entrada nº: 2028

Saída nº:

M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción sobre a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividades económicas máis importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorece o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgúns ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existiu un gran consenso no sector sobre a necesidade de regular esta nova tendencia.

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, debía nacer pois coa intención de establecer a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia e regular as vivendas de uso turístico, sempre que cumpran os requisitos establecidos, partindo dun consenso que, a todas luces, se ve que non existiu.

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixan algúns dos aspectos que recolle o decreto xa aprobado, e que está a piques de entrar en vigor.


Incluso o requirimento feito pola CNMC significa un paso previo ao xa anunciado, de non terse en conta o dito requirimento, contencioso-administrativo ante o TSXG. Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos Tribunais Superiores de Xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal esta MOCIÓN, instando o Goberno de Galicia a:

1º) Tomar en consideración os requirimentos da CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia), e as peticións realizadas polo sector para modificar nos termos precisos o Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Adiar a entrada en vigor do Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos en seis meses ata a súa modificación, de tal xeito que recolla os requirimentos da CNMC, en moitos casos coincidentes coas peticións do propio sector, evitando dese xeito a interposición de procesos xudiciais que obriguen finalmente á modificación do decreto.

Pobra do Caramiñal, a 09 de maio de 2017.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a vertical line that loops around and crosses itself, ending in a horizontal stroke.

Asdo..- M^a Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.